

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 11 DE NOVEMBRO DO 2021.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BARREIRO REGO ANA ISABEL BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE REIRIZ LAMPON VICTOR
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Once de Novembro do Dous mil vinte e un, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 04/11/2021

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202111/046

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 03/11/2021 "Decreto: REQUIRIMENTO PARA A XUSTIFICACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS, EN PRINCIPIO, ANORMALMENTE BAIXAS, PRESENTADAS NO LOTE 3: PROXECTO DE URBANIZACIÓN; CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS Ó LOTE 1: REDACCIÓN DO NOVO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN E Ó LOTE 2: SERVIZO DE ARQUEOLOXÍA E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1 E 2 DO CONTRATO DENOMINADO "SERVIZO DE EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO QUE DESENVOLVE O NOVO POLÍGONO INDUSTRIAL DE RIBEIRA" "



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202111/100

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 08/11/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO NO LUGAR DE AGRELO (OLVEIRA-OLEIROS)""

4.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREO DE TITULARIDADE MUNICIPAL -Alberto Pérez Doval

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, en sesión celebrada en data 19 de abril de 2018, aprobou o acordo de adxudicar os postos que se indican a continuación para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2018, 2019, 2020 e 2021, nas condicións sinaladas no Prego reitor do expediente e coas obrigas específicas indicadas no artigo 10 do mesmo:

ADXUDICATARIO	POSTO	CANON OFERTADO
José Ángel Rodríguez Álvarez	Coroso 1	1.219,44 euros
Pablo Pérez Escariz	Mosqueiros	776,00 euros
David Fuentes Requeijo	Corna (Modorróns)	608,72 euros
David Fernández Fernández	Coroso 2	1.200,00 euros
Alberto Pérez Doval	Ameixida	1.000,00 euros

Alberto Pérez Doval presentou un escrito no Rexistro Xeral deste Concello, de data 18 de outubro de 2021 (entrada núm. 18.711), mediante o que solicita a devolución da parte proporcional á tempada 2021, da fianza de 1.000,00 € que depositou ante o Concello de Ribeira.

Mediante escrito de data 28 de outubro de 2021 (saída núm. 6.721) o Concello requiriu ao interesado a emenda da súa solicitude, por non ter achegado certificado/informe da entidade bancaria da conta onde se vai transferir o importe da devolución.

Mediante escrito de data 3 de novembro de 2021 (entrada núm. 19.708) o interesado achega ao expediente de solicitude un certificado emitido pola entidade bancaria que acredita a titularidade dunha conta bancaria aos efectos da devolución.

Informe favorable emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 5 de novembro de 2021, a raíz de visita de comprobación efectuada ao lugar de localización da instalación denominada "posto Ameixida".

Informe de fiscalización previa e limitada emitido polo Interventor do Concello de Ribeira ao respecto da solicitude de devolución, de data 5 de novembro de 2021, favorable.



2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 10 do “PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE SEIS POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2018, 2019, 2020 E 2021”, reitor do procedemento, ao respecto das obrigas dos adxudicatarios, o seguinte: “10º.- *Obrigas dos adxudicatarios.*

Sen prexuízo doutras obrigas que neste prego se establecen, os adxudicatarios teñen as seguintes obrigas:

1) Económicas:

a) *Pago do canon de adxudicación mediante domiciliación bancaria no prazo de dez (10) días dende que adquira firmeza a adxudicación do posto.*

b) *Prestar unha fianza por importe de 250 € por cada tempada, importe total 1.000 €, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias. A tal efecto, a garantía ou fianza estará constituída pola cantidade depositada na Tesourería do Concello. **Para os efectos da devolución desta cantidade, o interesado ten a obriga de solicitala por escrito, e poderá solicitar a devolución da parte proporcional que corresponda ao final de cada tempada, ou ben ao finalizar o prazo de autorización (á finalización da tempada de verán 2021). Xunto coa solicitude de devolución deberá achegar necesariamente un certificado da entidade bancaria da conta onde se vai transferir. (...)***

Consta no expediente que Alberto Pérez Doval (**4851**), adxudicatario do posto denominado “Ameixida”, presentou no Concello de Ribeira unha fianza en metálico por un importe de 1.000 € segundo Talón de Cargo expedido polo departamento de contabilidade deste Concello na data 2 de abril de 2018, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias.

Mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 29 de outubro de 2020, aprobouse a devolución da parte proporcional da fianza correspondente á anualidade 2020. Non hai pendente ningunha devolución de fianza anterior (tempadas 2018 e 2019).

3. ACORDO

Visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 08/11/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Aprobar a devolución parcial solicitada, correspondente á anualidade 2021, por un importe de 250,00 €, da garantía definitiva depositada en metálico no Concello de Ribeira por Alberto Pérez Doval.



5.- DACIÓN DE CONTA DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 02.11.2021:

- 11839 05.07.2021 SOLAR PROFIT ENERGY SERVICES S.L. (MARCELINO VIDAL OLVEIRA), instalación de placas solares fotovoltaicas para autoconsumo en vivanda unifamiliar, en Saiñas.
- 17782 04.10.2021 ANGELA PENAS RIOS, acondicionamiento de tejado, fachadas y zonas interiores en rúa Campo da Agra, núm. 20, Corrubedo.
- 17765 04.10.2021 MANUEL MILLÁN LEMA, restauración grietas en la fachada, rúa Rafael Dieste, 12, Ribeira.
- 17787 04.10.2021 CONCEPCIÓN RAMALLO SAMPEDRO, cierre de finca, en Vilar, 15, Carreira.
- 17946 06.10.2021 MARIA PÉREZ LARANGA, reparar muro existente entre fincas en Avda. da Paz, Ribeira.
- 17967 06.10.2021 JESÚS FRANCISCO GUTIÉRREZ FERNÁNDEZ, limpeza y pintado de fachada de la vivienda en Avda. Ferrol, 33, Ribeira.
- 17996 06.10.2021 JOSÉ ANGEL VILAS GONZÁLEZ, cambio de tejado en rúa Castelao, 41, Aguiño.
- 18060 07.10.2021 HONORINO GONZÁLEZ CASAIS, sustitución de ventanas en Avda. Malecón, 12, Ribeira.
- 18059 07.10.2021 COMUNIDAD DE PROPIETARIOS RUA DE GALICIA, 10, limpeza de fachada en rúa de Galicia, 10, Ribeira.
- 18083 07.10.2021 EVA M^a. RIVADEMAR FERNÁNDEZ, cierre de parcela en rúa Tasca, 23, Aguiño.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 04.11.2021:

- 18118 07.10.2021 ASESORIA BENY GARCÍA S.L. (C.P. GARAJES RÚA DA FEIRA,2), impermeabilización de cubierta en rúa da Feira, 2, Ribeira.
- 18194 08.10.2021 JOSEFA REGUEIRA MILLÁN, muro de bloques en rúa Salvora, 26, Aguiño.
- 18224 08.10.2021 MARIA DOLORES BECERRA GRAÑA, limpeza y tratamiento del tejado de la vivienda en rúa Méndez Núñez, 15, Ribeira.
- 18287 11.10.2021 ANA SORIANO MAYOR, reforma del baño en rúa As Agrads, 3, portal 2-1º-D, Corrubedo.
- 18322 11.10.2021 COMUNIDAD DE PROPIETARIOS AGRO DO BACELO, limpeza de fachada en rúa Barreiro, 25, Palmeira.
- 18325 11.10.2021 M^a. MANUELA GRAIÑO RODRÍGUEZ, cambio de teja y sustitución de ventanas en rúa Rinchador, 20, Corrubedo.
- 19595 02.11.2021 ANTONIO MANUEL SANTIAGO FERNÁNDEZ, cambio de balcón en rúa Manzanares, 81, Ribeira.

6.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E BAIXO CUBERTA, CONTRUÍDA AO AMPARO DA LICENZA DE OBRA Nº 5/20 (XUNTA DE GOBERNO LOCAL 20/02/2020). LUGAR: AREEIRO, CASTIÑEIRAS (RIBEIRA). PROMOTORES: MÓNICA GARCÍA SUÁREZ E JUAN ANTONIO GARCÍA REY

VISTA a solicitude de **LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN** presentada por **D^a. Mónica García Suárez** e **D. Juan Antonio García Rey** para **vivenda unifamiliar de planta baixa e planta baixocuberta**, construída ao amparo da licenza de obra nº 5/20, concedida pola



Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 20 de febreiro de 2020, sita no lugar de **Areeiros, Castiñeiras**, Ribeira en parcela resultante das parcelas agrupadas co nº 5074A921001720000UZ, 15074A921001730000UU e 15074A921001740000UH

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido pola **enxeñeira municipal** Uxía Landeira Pereira tras xirar a pertinente visita de comprobación, en relación a licenza de primeira ocupación o día **15 de outubro de 2021**, facendo constar que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente, así como en relación a solicitude de devolución do aval xa que sinala que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente; visto o informe emitido polo **técnico de administración xeral** do Departamento de Urbanismo, D. José Martínez de Llano Orosa, de data **3 de novembro de 2021**, e o **informe do secretario xeral da Corporación**, de data **4 de novembro de 2021**.

Considerándose que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a D^a. Mónica García Suárez e D. Juan Antonio García Rey LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN para vivenda unifamiliar de planta baixa e planta baixocuberta, construída ao amparo da licenza de obra nº 5/20, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 20 de febreiro de 2020, sita no lugar de Areeiros, Castiñeiras, Ribeira en parcela resultante das parcelas agrupadas co nº 5074A921001720000UZ, 15074A921001730000UU e 15074A921001740000UH, nos termos da Certificación Final de Obra con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados pola arquitecta D^a. M^a Carmen Gago Fernández (col. nº 2.498), e polo arquitecto técnico D. Joaquín Gago Fernández (col. nº 1.967), Acta de Recepción de Edificio Terminado, Certificado de Instalación Eléctrica, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado por D^a. Lidia Golobardas Otero, xefa de servizo, o día 25 de outubro de 2021.

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.



7.- LICENZA de primeira ocupación de REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE, LICENZA DE OBRA Nº 16/17 (XUNTA DE GOBERNO LOCAL 27/04/2017. LUGAR: LUGAR DE PRADIÑOS Nº 9, BARREIROS, CORRUBEDO (RIBEIRA). PROMOTORES: CLARA ALONSO GUIMIL E MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ.

VISTA a solicitude de **LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN** para **REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE**, licenza de obra nº 16/17 (acordo de Xunta de Goberno Local de data 27 de abril de 2017, da que son promotores **CLARA ALONSO GUIMIL** e **MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico emitido pola enxeñeira municipal, Uxía Landeira Pereir,a tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación o día **27 de outubro de 2021** facendo constar que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente; visto o informe emitido polo **técnico de administración xeral** do Departamento de Urbanismo, D. José Martínez de Llano Orosa, de data **4 de novembro de 2021**, e o **informe do secretario xeral da Corporación**, de data **5 de novembro de 2021**.

Considerándose que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. Clara Alonso Guimil e D.Manuel A. Tarrío Fernández **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para **vivenda unifamiliar existente** e rehabilitada ao amparo da licenza nº 16/17, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 27 de abril de 2017, sita en parcela con refª catastral nº 15074A050011210000KW no lugar de Pradiños nº 9, Barreiros, Corrubedo, Ribeira, nos termos do Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 30 de xullo de 2021 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo arquitecto D.Juan Antonio Villanueva Ruiz, (arquitecto col. nº 3.526) e polo arquitecto técnico D. Manuel Rañó Rodríguez (col. nº 515), Anexo I Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 27 de xullo de 2021, Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900- D, Certificado de Instalación de Electricidade, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado por Dna. Lidia Golobardas Otero xefa de servizo o día 26 de outubro de 2021.

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*



- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

8.- VAO PERMANENTE – Mercadona, S.A.

Visto o escrito presentado por María Emilia Uz Prado en representación de **Mercadona, S.A.**, de data 03/11/2021 (Rexistro de entrada nº 19.747), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao local dedicado a almacén do inmovible situado en Rúa Xohana Torres, nº 5 (Ribeira), co fin de facilitar a entrada/saída de mercancía ao almacén do establecemento supermercado Mercadona mediante carretillas eléctricas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 07/11/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a Mercadona, S.A. autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (2,00 m.), con reforzo de sinalización horizontal co pintado de liña amarela, na entrada ao local dedicado a almacén do inmovible situado en Rúa Xohana Torres, nº 5 (Ribeira), co fin de facilitar a entrada/saída de mercancía ao almacén do establecemento supermercado Mercadona mediante carretillas eléctricas, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante (As obras relativas ao citado rebaixe de beirarrúa deberán estar supervisadas polo departamento municipal correspondente).*

9.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MUSEO ETNOGRÁFICO DE ARTES E O CONCELLO DE RIVEIRA

VISTA a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 08/11/2021, de aprobación do Convenio de Colaboración entre o Museo Etnográfico de Artes e o Concello de Riveira para a súa sinatura.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en acadar os obxectivos de promoción e difusión cultural do patrimonio artístico-cultural do noso municipio, establecendo unha liña de actuación orientada a revalorizar dun xeito eficaz o patrimonio que ten en custodia, aplicando unha serie de medidas que fagan del un centro competitivo no marco da variada oferta que pon a disposición de todo o público.

VISTO o informe favorable que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, Pablo Bao Castro, de data 08/11/2021.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus



membros:

Primeiro.- Aprobar a proposta de Convenio de Colaboración, regulador da subvención nominativa (efectos do convenio de 01/11/2020 ata 31/10/2021), entre o Museo Etráfico de Artes e o Concello de Ribeira para a súa sinatura.

Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

10.- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO “O POTE” – PAGAMENTO DE SUBVENCIÓN

Vista a “Convocatoria extraordinaria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego O Pote”, publicado o extracto da citada convocatoria no BOP da provincia da Coruña de data 17/11/2020.

Visto o decreto de alcaldía de data 23/11/2020, no que se resolve conceder unha subvención á empresa que se inclúe na táboa que se recolle máis abaixo por importe de 1.500 euros, para a contratación dun traballador a xornada completa por un período mínimo de tres meses.

CIF	EMPRESA	Nº CONTRATOS SOLICITADOS	SECTOR	IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA
B01832658	AL VER VERAS, S.L.	1	Cociña	1.500€

Visto o informe da Técnico de desenvolvemento local do concello de Ribeira de data 03/11/2021, no que se recolle que: “(...) a empresa presentou a documentación necesaria para que se lle pague a subvención concedida”.

Visto o informe do interventor do Concello de Ribeira de data 03/11/2021, no que conclúe como resultado da fiscalización: “Favorable”.

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Ramón Doval Sampedro, de data 08/11/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar o pagamento da subvención concedida de 1.500€ á empresa “AL VER VERAS, S.L.” pola a contratación dun traballador a xornada completa por un período mínimo de tres meses ao abeiro da “Convocatoria extraordinaria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego O Pote”.



11.- CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS AXUDA COMEDORES ESCOLARES CURSO 2021/2022.

RESOLUCIÓN RELATIVA ÁS SOLICITUDES DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN (LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR, MATERIAL DIDÁCTICO E COMEDOR ESCOLAR) -CURSO 2021/2022

VISTA a **proposta** presentada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 08/11/2021, na que solicita a aprobación de gasto según as bases reguladoras das axudas á escolarización para o curso académico 2021/2022.

VISTO o informe emitido ao respecto polo Interventor municipal, de data 08/11/2021.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- a) Aprobar o gasto relativo ás axudas á escolarización para o curso académico 2021/2022, según o seguinte detalle:
 - Libros de texto, material escolar e material didáctico:
Gasto total: 2.000,00 €
 - Axudas de comedor escolar:
Gasto total das dúas liñas: 37.997,00 €
- b) Aprobar o listado provisional de beneficiarios das axudas á escolarización (Libros de texto, material escolar, material didáctico e axudas de comedor escolar) para o vindeiro curso 2021-2022, según o contido da citada proposta e documentación anexa.
- c) Que se proceda á publicación do mesmo no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e nas dependencias de Servizos Sociais.

12.- SOLICITUDE PINTADO DE LIÑA AMARELA FRONTE VAO PERMANENTE -Francisco Javier Campos Chico

Visto o escrito presentado por **Francisco Javier Campos Chico**, de data 05/07/2021 (Registro de entrada nº 11.794), no que solicita o pintado de liña amarela fronte ao seu vao permanente (na outra marxe da rúa) situado no lugar de Fondevila, nº 27 (Ribeira), con fin de evitar o estacionamento de vehículos que dificulten a entrada/saída de vehículos, por tratarse dunha rúa moi estreita.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 09/11/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar o pintado de liña amarela fronte ao seu vao permanente (na outra marxe da rúa) situado no lugar de Fondevila, nº 27 (Ribeira), con fin de evitar o estacionamento de vehículos que dificulten a entrada/saída de vehículos, por tratarse dunha rúa moi estreita, según o sinalado no citado informe policial.



13.- SOLICITUDE ZONA DE RESERVA DE ESTACIONAMIENTO PARA MOTOCICLETAS – Kebah La Estambul

Visto o escrito presentado por Arshad Mehmood en representación de **Kebah La Estambul**, de data 04/11/2021 (Rexistro de entrada nº 19.808), no que solicita a habilitación dunha zona de reserva de estacionamento para motocicletas da Avenida do Malecón (Ribeira), debido a que actividade exercida polo establecemento de referencia ten a peculiaridade de reparto a domicilio mediante motocicletas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 07/11/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a habilitación dunha zona de reserva de estacionamento para motocicletas da Avenida do Malecón (Ribeira), situándose na zona excluída ao tráfico, según o sinalado no citado informe policial

14.- APROBACION DE CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE NADAL 2021-2022 DE DISEÑO DE CARTEL E DE POSTAL DE FELICITACIÓN

VISTA a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 04/11/2021, na que propón a aprobación da convocatoria e bases reguladoras do **Concurso de Nadal 2021-2022** de diseño cartel e de postal de felicitación, según o contido do citada proposta; con obxectivo de poñer en valor e incentivar a participación da cidadanía nas celebracións de Nadal mediante a creación artística.

Visto o contido que consta no expediente.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

APROBAR a convocatoria e bases reguladoras do Concurso de Nadal 2021-2022 de deseño cartel e de postal de felicitación, según o contido do citada proposta.

15.- AUTORIZACIÓN PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO NO CEMITERIO MUNICIPAL DE PALMEIRA – Carmen García Betanzos.

Visto o escrito presentado por **Carmen García Betanzos** (Titular), de data 26/07/2021 (Rexistro de entrada nº 13.002), no que solicita autorización para a realización de obras de acondicionamento (Recorte de cornixa e colocación de lápida) na furna nº 467 do Cemiterio Municipal de Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Carmen García Betanzos** á realización de obras de acondicionamento (Recorte de cornixa e colocación de lápida) na furna nº 467 do Cemiterio Municipal de Palmeira.
- Notificar** a presente resolución aos interesados, dando traslado do mesmo ao Departamento de Cemiterios para o seu coñecemento.



16.- AUTORIZACIÓN PARA CONSTRUCCIÓN DE PANTEÓN NO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Cristina Pérez Cadórniga

Visto o escrito presentado por **Cristina Pérez Cadórniga** (Titular), de data 01/06/2021 (Rexistro de entrada nº 11.617), no que solicita autorización para a construción de panteón con catro furnas (Nº 1230, 1231, 1232 e 1233) no Cemiterio Municipal de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a **Cristina Pérez Cadórniga** á construción de panteón con catro furnas (Nº 1230, 1231, 1232 e 1233) no Cemiterio Municipal de Ribeira.
- b) Deberá respectar os límites establecidos polos panteón colindantes, non podendo rebasalos por ningunha causa. Deberá seguir a liña establecida polos mesmos.
- c) Notificar a presente resolución aos interesados, dando traslado do mesmo ao Departamento de Cemiterios para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

